



**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

*Expediente nº: 3/2009.*

**RESOLUCIÓN**

**PRESIDENTE:**

*D. Ramón Carballo Páez*

**VOGAIS:**

*D. Miguel A. Cela González*

*D. David Díaz Losada*

*Dna. Marta Carballo Neira*

*D. Xosé M. Fernández Varela*

**SECRETARIA:**

*Dna. Lucía Belver Quiroga*

Na cidade de Lugo, o día vintetrés de xuño de dous mil dez, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte

**RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 3/2009 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **MEXACAS, POSTE, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**, no concello de **BÓVEDA**, iniciado por acordo do Xurado do 17 de decembro de 2009, sendo vogal instrutor **D. MIGUEL A. CELA GONZÁLEZ**, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vogal instrutor (coa data do 29 de xaneiro de 2010), iniciouse o expediente número **3/2009 (de oficio polo Xurado)**, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

**SEGUNDO:** Coa data do 25 de febreiro de 2010, recabouse do Servizo de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**TERCEIRO:** Coa data do 25 de febreiro de 2010, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Monforte de Lemos**, os documentos seguintes:



1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**CUARTO:** Coa data do 15 de marzo de 2010, recibíuse certificación do Servizo de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **MEXACAS, POSTE, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**QUINTO:** Coa data do 17 de marzo de 2010, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos, na que se fai constar que o monte **MEXACAS, POSTE, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro.

**SEXTO:** Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

**SÉTIMO:** Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao concello de **BÓVEDA** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

**OITAVO:** Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**NOVENO:** Coa data do 25 de marzo de 2010, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DÉCIMO:** Coa data do 23 de abril de 2010, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra A, predio 7.073, libro 61 do concello de Bóveda, folio 31, tomo do arquivo 811).

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 3 de maio de 2010, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 82, páxina 7.488, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **MEXACAS, POSTE, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**.

**DÉCIMO SEGUNDO:** Coa data do 10 de maio de 2010, recibíuse certificación do concello de **BÓVEDA**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante un mes desde o día 31 de marzo de 2010.

**DÉCIMO TERCEIRO:** Coa data do 11 de maio de 2010, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio de Santiago de Rubián, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous



representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **MEXACAS, POSTE, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**, (con voz pero sen voto).

**DÉCIMO CUARTO:** Non se recibiu ningunha alegación en contra da clasificación do monte como veciñal en man común.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes, e clasificar as parcelas recollidas na planimetría elaborada, e que figuran no Catastro actual a nome dos veciños de Santiago de Rubián.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **MEXACAS, POSTE, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **MEXACAS, POSTE, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**  
Pertenza: veciños da parroquia de SANTIAGO DE RUBIÁN.  
Parroquia: SANTIAGO DE RUBIÁN.  
Concello: **BÓVEDA**.  
Superficie: **70 hectáreas, 28 áreas e 36 centiáreas**.

#### **Estremas:**

Parcela nº 1 : Superficie de 38 hectáreas, 47 áreas .

**Norte :** Propiedades do m.v.m.c de Vilabuxán ( Expediente 52 /78 )

**Sur :** Camiño forestal .

**Leste:** Predios particulares de Dona Concepción Armesto Saavedra ( Polígono 38 parcela 306 ) ; Don Manuel Armesto Saavedra ( Polígono 38 parcela 307 ) ; Don Pablo Armesto Saavedra ( Polígono 38 parcela 313 ) ; Dona Concepción Armesto Saavedra (polígono 38, parcela 314); Don José Pardo Armesto (polígono 38 parcela 315); Don Manuel Vázquez Fernández (Polígono 38, parcela 320); Don Juan Rodríguez Arias (Polígono 38, parcela 324 ), Dona Elena Armesto Guitián ( polígono 38 , parcela 325 ) ; Dona Josefa Blanco López (polígono 38, parcela 326), Dona Amalia Fernández Gómez (polígono 38, parcela 326 ) ; Don Manuel Vázquez Fernández ( Polígono 38, parcela 335 ) ; Don Jesús Felipe Fernández Fernández ( Polígono 38, parcela 337 ) ; Don Ramón Armesto López (Polígono 39,



parcela 34 ), Dona Ana Mourín López ( Polígono 39, parcela 35); herdeiros de Alejandro Vázquez López (Polígono 39, parcela 36) ; herdeiros de Camilo Armesto Gesto ( Polígono 39, parcela 37) herdeiros de Arturo Armesto Gesto ( Polígono 39, parcela 38 ) e outros veciños.

**Oeste:** Propiedades do m.v.m.c. de Teilán ( Expediente 49 / 78)

Parcela nº 2 : Superficie de 11 hectáreas , 19 áreas.

**Norte :** Camiño de Calvos a O Incio

**Sur :** Predios particulares de Don Manuel Bailly Baillere ( Polígono 20, parcelas 12 e 4 )

**Leste :** Estrada do Castro e predios particulares de Don Benjamín Camino González ( Polígono 20, parcela 7; Dona Asunción Camino López ( Polígono 20, parcela 815 e parcela 28 ) e outros veciños .

**Oeste :** Camiño de Calvos a O Incio, e predios particulares de Don Manuel López López (Polígono 20 ,parcela 386 ); M<sup>a</sup> Carmen Pérez Rodríguez (Polígono 20, parcela 387); Dona Esperanza López Pérez ( Polígono 20, parcela 389 ) ; Dona Herminia Fernández Rodríguez ( Polígono 20, parcela 390 ) ; Dona Hortensia Juíz Mourín (Polígono 20, parcela 392 ) ; Dona Pilar Ramírez Sánchez ( Polígono 20, parcela 393); Dona Florentina González Rodríguez (Polígono 20, parcela 394 ) ; Dona Herminia Peiteira Fernández ( Polígono 21, parcela 393); Dona Emilia López Pérez (Polígono 21, parcela 395 ) ; Don J .Manuel Lauda López (Polígono 21, parcela 394); herdeiros de Avelino Pérez Pérez ( Polígono 21, parcela 396 ) e outros veciños .

Parcela nº 3 : Superficie de 19 hectáreas, 43 áreas.

**Norte :** Predios particulares de Don José Carlos Casanova Franco ( Polígono 20, parcela 686 ) ; Dona Aurora Martínez Mendoza ( Polígono 20, parcela 687); Don Antonio Quiroga López ( Polígono 20, Parcela 688 ) ; Dona Ana Mourín López (Polígono 20, parcela 689); Dona Consuelo Sánchez Ramírez (Polígono 20, Parcela 690 ); e outros veciños .

**Sur :** Predios particulares de Dona Carmen López Valcárcel (Polígono 20, Parcela 236 ) ; Dona M<sup>a</sup> Carmen Pérez Rodríguez ) ; Don Faustino Rodríguez Pérez (Polígono 20 ,Parcela 198 ) ; Dona M<sup>a</sup> Carmen Pérez Rodríguez ( Polígono 20, Parcela 197 ) e outros veciños .

**Leste :** Predios particulares de Don Arturo Ramírez Varela ( Polígono 20, Parcela 781 ); Don Manuel Bailly Baillere ( Polígono 20, Parcela 18 ) e outros veciños .

**Oeste :** Predios particulares de Don José Carlos Casanova Sánchez ( Polígono 20, Parcela 686 ); Dona Consuelo Sánchez Ramírez ( Polígono 20, Parcela 708 ); Dona Herminia Peiteira Fernández ( Polígono 20, Parcela 709 ); Don Antonio Capa Sánchez (Polígono 20, Parcela 711 ) ; Don Humberto Pena Díaz ( Polígono 20, Parcela 712 ) ; Dona Inés Beatriz Torea ( Polígono 20, Parcela 865); Dona Ana Mendoza López ( Polígono 20, Parcela 718 ), e outros veciños.

Parcela nº 4 : Superficie de 1 hectáreas, 16 áreas

**Norte:** Camiño do Cementerio

**Sur :** Predios particulares de Don Jesús Díaz Gómez ( Polígono 20, Parcela 877)

**Leste :** Predio pertencente ao Concello de Bóveda ( Polígono 20, Parcela 799)

**Oeste :** Estrada de Lugo a Monforte de Lemos C - 546





**DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE  
MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,**

**CERTIFICA:**

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do quince de xuño de dous mil once, figura o acordo seguinte:

**<< 4. Recursos de reposición:**

- b) Monte **MEXACAS, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**, ubicado no termo municipal de **BÓVEDA**. Na sesión celebrada con data 23 de xuño de 2010, acordouse, aceptando a proposta do instrutor, clasificar este monte como veciñal en man común, pertencente aos veciños da parroquia de **SANTIAGO DE RUBIÁN**, co croquis e descrición do perímetro que constan no expediente **3/2009**. Con datas 20 e 23 de agosto de 2010, teñen entrada escritos asinados por, **Alejandro Manuel Rodríguez Rodríguez, Alejandro Rodríguez López e José Manuel González Sánchez**, interpoñendo recurso de reposición contra o devandito acordo do Xurado, realizando, en resumo, os mesmos fundamentos que no recurso presentado no expediente **2/2009**, e rematan solicitando a *suspensión* da execución da resolución e que se proceda a “retrotraer” as actuacións do inicio da clasificación ata o intre en que se lles produce indefensión, acordando suspender o prazo para formular alegacións e concederlles un novo prazo de 30 días para formular alegacións. O 21 de decembro de 2010, foi presentado un **escrito** asinado por representantes dos veciños das parroquias de **Santiago de Rubián e de Tuimil**, no que chegan a un **acordo** en canto ao aproveitamento das parcelas discutidas, polo que, o **Xurado**, na reunión do 22 de decembro de 2010, decidiu deixar pendente para unha próxima reunión a resolución do recurso de reposición, unha vez que fora examinada a documentación presentada. Con data 25 de febreiro de 2011, emítense nota interior polo Servizo de Montes, xunto con planimetría reflectindo a situación na que quedarían os montes **DE TUIMIL e DE SANTIAGO DE RUBIÁN**, tendo en conta o acordo acadado entrámbalas dúas comunidades, propoñendo a súa clasificación conforme ao mesmo. Examinado o devandito recurso, o **Xurado**, por unanimidade, **ACORDA, estimar** o mesmo, polo que respecta a aceptar o acordo de avinza entre as comunidades de Tuimil e Santiago de Rubián, quedando o monte **MEXACAS, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIÁN e DEVESELA**, cunha superficie total de 48 hectáreas, 36 áreas e 97 centiáreas.

(...) >>

E para que conste, para a súa remisión a **Alejandro Rodríguez López**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a sete de xullo de dous mil once.

Vº e Pr.  
**O XEFE TERRITORIAL  
PRESIDENTE DO XURADO,**

**Ramón Carballo Páez.**





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18 de novembro de 2016**, figura o seguinte acordo:

<< Monte DE TUIMIL (expediente 2/2009), pertencente aos veciños da parroquia de TUIMIL, no termo municipal de BÓVEDA, clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 23 de xuño de 2010 e posteriormente ampliado por resolución do 30 de xuño de 2015, e monte MEXACAS, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIAN e DEVESELA pertencente aos veciños da parroquia de SANTIAGO DE RUBIÁN, no termo municipal de BÓVEDA, clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 23 de xuño de 2010. Con data 15 de abril de 2016, Alejo Alvarez Mourín, en representación da comunidade de Santiago de Rubián presenta escrito solicitando a corrección dos límites da peza denominada O Poste, clasificada para os veciños de Tuimil. A solicitude ven avalada polos representantes de ambas comunidades implicadas e segundo os que o Xurado cometeu un erro ao cartografiar esa peza de monte xa que unha parte dela debería ser atribuída aos veciños de Rubián (parte norte) e outra parte (sur), a Tuimil, tal e como acordaron en 2010. Con data 28 de setembro de 2016, emítese informe do Servizo de Montes (nº 79), no que se expresa que como consecuencia desta corrección na cartografía, o monte DE TUIMIL pasa a ter unha superficie de 189,80 hectáreas e o monte MEXACAS, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIAN e DEVESELA, unha superficie de 61,81 hectáreas. Xuntan planimetría resultante tras esta corrección. O artigo 105.2 da lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, nos mesmos termos, o artigo 109.2 da nova Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas establecen que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. En vista do anterior, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, rectificar o erro constatado e proceder ás oportunas correccións nos expedientes de conformidade co informe do Servizo de Montes.>>

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.

Lugo, 23 de novembro de 2016



V. e pr.

O xefe territorial  
Presidente do xurado


José Ramón Losada Fernández.

625000

625500

4723000

4723000



RUBIÁN (SANTIAGO)

BOVEDA






TUIMIL (SANTA MARÍA)

4722500

4722500

625000

625500

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes		
Plano de: Modificación parcial do perímetro do monte veciñal en man común dos veciños de Tuimil (exp 2/2009) e de Santiago de Rubián (exp 3/2009)		Monte: <b>Tuimil</b> Pertenza <b>Parroquia de Tuimil</b> Superficie previa <b>202,63 Ha</b> Superficie revisada <b>199,80 Ha</b> Municipio: <b>Bóveda</b>	Monte: Mexecas, Teso, Pendeo, Serra de Rubián e Devesela Pertenza <b>Parroquia de Santiago de Rubián</b> Superficie previa <b>48,36 Ha</b> Superficie revisada <b>61,81 Ha</b>	
Escala: 1:3.000	Plano 3. Zona revisada	Visto e prace O xefe de Servizo de Montes	O xefe de área Lugo, 28 de setembro de 2016	
		 Ramón Rozadillas Valverde	 Santiago Fraga Sáenz Enxeñeiro de Montes	



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.3.2025**, figura o seguinte acordo:

O MVMC **de Rubián** (exp. 48/78-8/2015), pertencente aos veciños da parroquia de San Fiz de Rubián; e MVMC **Mexacas, Poste, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela** (exp. 3/2009), pertencente aos veciños da parroquia de Santiago de Rubián. Ambos montes no concello de **Bóveda**.

O 29.9.2022 foi presentada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre as citadas comunidades, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Procedemento con número de expediente **2022\_258**.

O 24.9.2024, o Servizo de Montes emitiu un informe no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

MVMC **Rubián**: 187,46 hectáreas.

MVMC **Mexacas, Poste, Teso, Penedo, S<sup>a</sup> Rubián e Devesela**: 52,56 hectáreas.

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **23.6.2025**, figura o seguinte acordo:

**MVMC Rubián** (exp. 48/78\_8/2015), pertencente aos veciños de San Fiz de Rubián; **MVMC Mexacas, Poste, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela** (exp. 3/2009), pertencente aos veciños de Santiago de Rubián. Ambos montes do concello de **Bóveda**.

Na sesión celebrada o 18.3.2025, o xurado acordou aprobar o deslindamentos entre os citados montes, de conformidade co procedemento regulado no artigo 53 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Posteriormente, o día 17.6.2025 o Servizo de Montes elaborou un novo informe (nº 2022\_258) no que se recolle a corrección dun erro, derivado de que non se tivo en conta na cartografía de partida do expediente de deslindamento o límite aprobado polo Xurado o 30.10.2024 do expediente de revisión de esbozo do monte de Rubián. Igualmente, non se axustaron os límites do monte de Mexacas e outros ao límite da liña da avinza.

De acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as Administracións Pública poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Procede facer a corrección sinalada, coa incorporación dunha nova cartografía e cos seguintes valores de superficie resultante:

- **MVMC Rubián:** 185,31 ha.
- **MVMC Mexacas, Poste, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela:** 53,1 ha.

Examinada a devandita corrección, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobala e proceder a realizar ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.


Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO  
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MVMC  
Ronda Muralla, 70  
27071 Lugo  
T. 982 889 256





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Xefatura Territorial de Lugo  
Servizo de Montes

Bóveda\_48/78\_8/2015\_3/2009\_2022\_258  
Corrección de erros do deslinde entre os mvmc de Rubián (EXP. 48/78\_8/2015) e o de Mexacas, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela (Exp 3/2009)

Monte: **Rubián**  
Pertenza **San Fiz de Rubián**  
Superficie previa **187,46 ha**  
Superficie posterior **185,31 ha**

Monte: **Mexacas e outros**  
Pertenza **Santiago de Rubián**  
Superficie previa **52,55 ha**  
Superficie posterior **53,1 ha**

Municipio: **Bóveda**

Escala: 1:17,000

Plano 2: Situación posterior á corrección

Visto e prace O xefe de Servizo O xefe de área

- 3950\_Linea (2)
- 3950\_Linea (1)
- Mexacas\_post
- Rubian\_post

(asinado dixitalmente) (asinado dixitalmente)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificadas a través deste código:  
 CVE: gGG7eRqHf1 Verificación de copias e orixinais a través deste código:

